ORDE DE BASES DAS AXUDAS DA AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN (AEI)

No Boletín Oficial do Estado (BOE) publicouse a **Orde CNU/671/2026 de 29 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas da Axencia Estatal de Investigación (AEI)**, establecendo o novo marco normativo que rexerá as futuras convocatorias do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación.

O obxectivo desta Orde é **modernizar o sistema de financiamento da I+D+i en España**, reforzando a excelencia científica, simplificando a xestión administrativa e aliñando os programas estatais cos principios do **Espazo Europeo de Investigación (ERA)** e do programa **Horizonte Europa**.

O novo marco regulador introduce unha transformación profunda no modelo de xestión das axudas públicas á investigación, incorporando medidas dirixidas a reducir as cargas administrativas das entidades beneficiarias e a fortalecer a calidade, a transparencia e a sustentabilidade do sistema científico.

Entre as principais novidades destacan:

a) **Simplificación da xestión económica**, mediante a incorporación progresiva dos custos simplificados e da xustificación por módulos, reducindo significativamente a documentación económico-administrativa asociada aos proxectos.
b) **Ciencia Aberta como requisito estrutural**, consolidando a obrigatoriedade do acceso aberto ás publicacións científicas, da compartición responsable dos resultados da investigación e, cando proceda, do software desenvolvido con financiamento público.
c) **Xestión dos datos de investigación**, establecendo a elaboración e seguimento dos correspondentes **Plans de Xestión de Datos (Data Management Plans - DMP)** e promovendo a aplicación dos principios **FAIR (Findable, Accessible, Interoperable e Reusable)**.
d) **Integridade científica e ética institucional**, reforzando a implantación de políticas, procedementos e mecanismos de prevención das malas prácticas científicas, de acordo cos estándares europeos de integridade na investigación.
e) **Carreira investigadora e desenvolvemento do talento**, impulsando itinerarios profesionais máis estables e coherentes, así como medidas orientadas á captación, retención e consolidación do persoal investigador.
f) I**gualdade, inclusión e investigación responsable**, incorporando de maneira transversal a perspectiva de xénero, a igualdade de oportunidades e a responsabilidade social como elementos integrantes do novo modelo de financiamento.

A entrada en vigor desta Orde supón un **cambio estratéxico para universidades, organismos públicos de investigación, institutos de investigación sanitaria e fundacións de investigación**, que deberán adaptar progresivamente os seus procedementos internos aos novos requisitos establecidos pola AEI.

Na documentación asociada poderá consultarse o texto completo da Orde, así como material informativo e documentación de apoio.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Orde CNU/671/2026 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas da AEI

Fichas nova Orde de Bases da AEI 2026